

Memoria dunha árbore senlleira

XULIO VALCÁRCEL

xulioval@gmail.com



O libro de Álvarez Cáccamo recolle ditos e desditas, venturas e desventuras vividas no seo da familia

"Dous ou tres séculos arriba esvae a contorna da familia, que xa non podemos considerar nosa", escribe Xosé María Álvarez Cáccamo no seu libro 'Árbore arriba. Memoria das orixes' (Albarellos Editora).

Tamén as perdas forman parte da arquitectura interior da memoria. Lembrar aos que se foron é unha maneira de sentilos ao noso lado e de percibir a súa influencia. A dor, transformada en lembranza, constitúe unha aprendizaxe de gratitude e conciencia temporal, pois o sufrimento forma parte inevitable do noso ser e da nosa ollada sobre o mundo. Cada data sinalada, cada suceso compartido, cada fotografía ou imaxe dun momento, son puntos de tensión entre o amor que permanece e a ausencia que pesa. A desaparición activa, por si mesma, a presenza simbólica dos que xa nos están.

Porén, a memoria non sempre é refuxio nin luz morna sobre o pasado; ás veces é un eco que doe, unha punzada que non concede descanso. Cando a perda dun ser querido chega por unha arbitraria e inxusta decisión allea, recordar é volver

ao escenario dun drama no que se representan palabras, feitos, despedidas. A dor da inxustiza é especial, diferente, porque se a enfermidade irrompe sen aviso, desgasta e apaga lentamente, a morte violenta rompe a orde natural das cousas. O crime que arrinca unha vida deixa preguntas sen resposta, queixas, demandas, esixencias.

O 30 de outubro de 1936 foi fusilado en Tui, con seis compañeiros, o doutor Darío Álvarez Limeses, avó do autor. Unha ferida así obriga a non esquecer. O esquecemento sería unha segunda morte. O difícil é atopar o equilibrio necesario que permita reconstruír e honrar. Mais iso esixe esclarecer os feitos, sentir que a sociedade reconece o dano e percibir que a dignidade da vítima foi restituída. Sen verdade, a imaxinación enche os ocos con hipóteses inútiles. Sen xustiza, a indignación perpetúase. Sen reparación, a dor continúa sen amparo.

Darío Álvarez Blázquez, ao repasar o fusilamento de seu pai, republicano, "médico dos pobres", evita dar os nomes dos vitimarios para non botar un baldón de ignominia sobre os descendentes (que ningunha culpa teñen das tropelías dos seus antepasados). Criterio distinto adopta Cáccamo, apuntando as

persoas que estiveron detrás da morte de don Darío Álvarez Limeses, presente, anos despois, nos estremecidos 'Sonetos del alba insomne', do seu fillo Xosé María Álvarez Blázquez: "Padre mío, tu frente atormentada/ me arde entre las manos puras del recuerdo/ahora que estoy soñándote y te pierdo/ por los rincones de la madrugada".

Ética

A memoria eríxese así, no libro de Álvarez Cáccamo, nun acto profun-

damente ético. Recordar é afirmar que aquela vida importa, que a súa perda non é un dato estatístico nin un suceso pechado nos arquivos. Que a lembranza é unha forma de resistencia contra o silencio e a impunidade. Aínda que a ferida estíñe, a cicatriz lémbra-nos o ocorrido. Quizais non haxa maneira de eliminar a dor, mais si de transformala en compromiso coa verdade e coa dignidade. A memoria, mesmo cando doe, é un xeito de humanidade.

